

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000003.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro, día **25 de xaneiro de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA DEMOLICIÓN DE CENTRO DE TRANSFORMACIÓN, NO NÚCLEO RURAL 34.2 MUXA DE ARRIBA-EIREXE, PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE MUXA. (Exp. 2020/Y001/000251).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA USO DE OFICINAS E ADMINISTRATIVO, NA RÚA DO PROGRESO NÚMERO 27(2021/Y001/000217).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA RÚA SANTIAGO, NÚMERO 24 (2022/Y001/000161).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

4. CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A REDACCIÓN E ACHEGA DA MEMORIA PROGRAMA NECESARIA PARA A DECLARACIÓN DA CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACIÓN PROGRAMADA (ERRP) NOS BARRIOS DA MILAGROSA E FEIXOO NA CIDADE DE LUGO, EXP. REF. 2022/C003/000026. ADXUDICACIÓN.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8852878495122741315.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-1-2023

FOMENTO

5. CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE LUGO E ADIF, PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA NOVA ÁREA DE TRANSPORTE INTERMODAL DE LUGO E A SÚA CONTORNA URBANA, SUSCEPTIBLE DE SER COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2021-2027.

PERSOAL

6. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE ORDENANZAS, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018) E OUTRA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2017).

7. PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018).

8. PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRICOLA, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2020).

9. INFORME PROPOSTA COBERTURA TEMPORAL POR COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE XEFE/A SERVIZO DE EDUCACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

10. COMPROMISO DE INCORPORACIÓN DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR

ADMINISTRATIVO E UNHA PRAZA DE ORDENANZA NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DESTE CONCELLO PARA O ANO 2024.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,